



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP RIBEIRA
CURSO:PRIMEIRO DE PRIMARIA
**MATERIA:LINGUA GALEGA,CASTELÁ,MATEMÁTICAS; CIENCIAS
NATURAIS, CIENCIAS SOCIAIS E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**
DOCENTE:CAROLINA PALOMANES MARTÍNEZ (TITORA 1º)
DATA:15 de Maio de 2020

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.**
- 3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**
- 4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)**
- 5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

1. INTRODUCCIÓN

Ante a situación extraordinaria creada pola alerta sanitaria debida ao COVID-19, realizamos a modificación da PD atendendo ao disposto en:

- Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática),
- Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de Educación e Formación Profesional),
- Instrucións de 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de la Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Xunta de Galicia).

Os cambios sobre a PD inicial aquí recollidos están orientados a un proceso de ensinanza non presencial, activo, equitativo e motivador para todo o alumnado, tendo en conta a realidade social específica deste centro educativo (capacidade familiar de apoio ao alumnado, equipos informáticos, conexión a internet, coñecementos informáticos...).

O traballo a desenvolver polo alumnado (de carácter voluntario e coa posibilidade de valoración unicamente positiva) será a realización de actividades de reforzo, recuperación e ampliación dos contidos tratados na aula ata a interrupción das clases presenciais.

2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS E ACTIVIDADES.

| LINGUA CASTELÁ | | |
|---|---|----------------------------------|
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | C.Clave |
| <ul style="list-style-type: none"> Expresarse e comunicarse de forma oral con certa coherencia. | <ul style="list-style-type: none"> Participa e realiza exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación. | CCL CD CAA CSC CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses. | <ul style="list-style-type: none"> Canta cancións. Conta e recita pequenos contos. Conta adiviñas, trabalinguas e poemas. | CCL CAA CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente. | <ul style="list-style-type: none"> Narra situacións e experiencias persoais sinxelas. | CCL CAA CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos. | <ul style="list-style-type: none"> Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade. | CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos. | <ul style="list-style-type: none"> Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá. Desenvolve unha adecuada conciencia fonolóxica asociando o son e o nome coas letras. | CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación. | <ul style="list-style-type: none"> Elabora frases e pequenas producións de forma coherente e ordenada cun bo trazo dos grafema Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas... | CCL CD CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> Aplicar os coñecementos gramáticos básicos. | <ul style="list-style-type: none"> Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética. Recoñece a palabra como unidade de significado. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos. Utiliza a maiúscula ao principio e o punto ao final de oracións. | CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario. | <ul style="list-style-type: none"> Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos. Identifica palabras derivadas de outras. | CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> Gozar da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos. | <ul style="list-style-type: none"> Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos. | CCL CCEC |

Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)**Actividades Lingua Castelá**

Desde a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivadoras para consolidar o grado de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:

- ▶ **Actividades de repaso:** vídeos, cuestionarios, tarefas de completar e de unir, xogos online educativos, tarxetas de nomenclatura Montessori, lectura de contos, tarefas de comprensión lectoras sinxelas, ficha de rutina diaria (na que se aborda o calendario, o tempo, os números, o vocabulario e a gramática,) xogos de letras (Oca do abecedario, crebacabezas, asociar palabra-imaxe, tarefas de arte coas letras,...) xogo do bingo, sopa de letras e crucigramas.
- ▶ **Actividades de reforzo e recuperación:** As actividades de reforzo estarán elaboradas na mesma dinámica que as de repaso, só que os contidos se adaptarán permitindo que os nenos/as que o necesitan as poidan desenvolver sen impedimento curricular.
- ▶ **Actividades de ampliación:** traballo en base a proxectos que permitan desenvolver as competencias clave, motivar aos alumnos e iniciais na indagación de información para ampliar os contidos.

| LINGUA GALEGA | | |
|---|--|---|
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | C.Clave |
| <ul style="list-style-type: none"> Comprender e producir textos orais sinxelos. | <ul style="list-style-type: none"> Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos. | CCL CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> Comprender a información explícita en textos sinxelos. | <ul style="list-style-type: none"> Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián. | CCL CD CAA CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. | <ul style="list-style-type: none"> Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos. | CCL CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. | <ul style="list-style-type: none"> Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. Usa o punto e as maiúsculas nos seus escritos. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais. | CCL CSIEE CAA CSC CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | <ul style="list-style-type: none"> Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. Identifica o número de letras de cada palabra. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. | CCL CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | <ul style="list-style-type: none"> Recoñece a relación entre son e grafía. Coñece o nome das letras. Coñece o abecedario. Separa as palabras que conforman un enunciado. | CCL CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | <ul style="list-style-type: none"> Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. | CCL CD CCEC |

| Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|--|
| Actividades Lingua Galega | <p>Desde a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivadoras para consolidar o grado de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:</p> <p>Actividades de repaso: vídeos, cuestionarios, tarefas de completar e de unir, xogos online educativos, tarxetas de nomenclatura Montessori, lectura de contos, tarefas de comprensión lectoras sinxelas, ficha de rutina diaria (na que se aborda o calendario, o tempo, os números, o vocabulario e a gramática),) xogos de letras (Oca do abecedario, crebacabezas, asociar palabra-imaxe, tarefas de arte coas letras,...) xogo do bingo, sopa de letras e crucigramas.</p> <p>Actividades de reforzo e recuperación: As actividades de reforzo estarán elaboradas na mesma dinámica que as de repaso, só que os contidos se adaptarán permitindo que os nenos/as que o necesitan as poidan desenvolver sen impedimento curricular.</p> <p>Actividades de ampliación: traballo en base a proxectos que permitan desenvolver as competencias clave, motivar aos alumnos e inicialos na indagación de información para ampliar os contidos.</p> |

| MATEMÁTICAS | | |
|---|---|------------------------------|
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | C.Clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade. | CMCT CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Le, escribe e ordena números ata o 99. | CMCT CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Descompón e compón números naturais. ▪ Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica. ▪ Localiza números na táboa do 100. ▪ Localiza os números anterior e posterior. | CMCT CCL CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, tanto de forma directa como en situación de resolución de problemas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma de forma directa e na resolución de problemas contextualizados. ▪ Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) de forma directa e na resolución de problemas contextualizados. ▪ Realiza cálculos numéricos mentais. | CMCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificar e resolver problemas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. | CMCT CAA |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza comparacións de peso entre dous obxectos. | CMCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade. | CMCT |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. ▪ Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado. | CMCT CAA CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares. ▪ Recoñecer distintos tipos de líñas. | CMCT CAA CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os números ordinais. | <ul style="list-style-type: none"> • Coñece os números ordinais do 1º ao 7º | CMCCT CCL |

| Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|--|
| Actividades Matemáticas | <p>Desde a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivadoras para consolidar o grado de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:</p> <p>Actividades de repaso: vídeos, descomposición números empregando diferentes materiais, fichas de cálculo e resolución de problemas, xogos matemáticos (Cartas, dominó, sudokus, laberintos, cálculo con dados, crebacabezas, tangram, bingo de números, oca, parchís), uso da táboa do 100, asociar figura xeométrica ao nome, xogos online matemáticos.</p> <p>Actividades de reforzo e recuperación: As actividades de reforzo estarán elaboradas na mesma dinámica que as de repaso, só que os contidos se adaptarán baixando o nivel de dificultade permitindo que os nenos/as que o necesitan as poidan desenvolver sen impedimento curricular.</p> <p>Actividades de ampliación: traballo en base a proxectos que permitan desenvolver as competencias clave, motivar aos alumnos e inicialos na indagación de información para ampliar os contidos.</p> |

| CIENCIAS NATURAIS | | |
|--|---|---|
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | C.Clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. | CAA CCL CMCT CSIEE CD CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. ▪ Recoñece partes do propio corpo e é quen de comparalas con outros seres. | CMCCT CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada. ▪ Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. | CMCCT CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características dos animais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes. ▪ Identifica e describe, con criterios elementais, animais. ▪ Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CMCCT CCL CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> • Identificar as principais unidades de tempo. | <ul style="list-style-type: none"> • Identifica as principais unidades de tempo, día e semana. | CMCCT CCL |

| CIENCIAS SOCIAIS | | |
|--|---|--|
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | C.Clave |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica a terminoloxía propia da área. | CCL CMCCT CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificar os elementos principais da contorna. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima. | CMCCT CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local. | CMCCT CAA |

| | | |
|---|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia. | <p>CMCCT CCL CSC CAA</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan. | <p>CMCCT CSC CCL</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas. | <p>CMCCT CSC CCL CAA CCEC</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa. | <ul style="list-style-type: none"> Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc. | <p>CSC CAA</p> |

Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|---|
| <p>Actividades Ciencias Naturais e Ciencias Sociais</p> | <p>Desde a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivadoras para consolidar o grado de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:</p> <p>Actividades de repaso: vídeos con cuestionarios a través da plataforma genialy, elaboración de receitas, tarxetas de vocabulario Montessori, tarefas de arte que representen os contidos, crebacabezas, fichas (unir, completar, asociar, escribir, contestar) e expresión oral explicando algún contido.</p> <p>Actividades de reforzo e recuperación: As actividades de reforzo estarán elaboradas na mesma dinámica que as de repaso, só que os contidos se adaptarán baixando o nivel de dificultade permitindo que os nenos/as que o necesitan as poidan desenvolver sen impedimento curricular.</p> <p>Actividades de ampliación: traballo en base a proxectos que permitan desenvolver as competencias clave, motivar aos alumnos e inicialos na indagación de información para ampliar os contidos.</p> |
|--|---|

| VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | | |
|--|---|----------------------------|
| Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | |
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe | C.Clave |
| <ul style="list-style-type: none"> Tomar conciencia de las emociones. | <ul style="list-style-type: none"> Identifica e comunica as súas emociones. Debuxa distintos estados de ánimos. | CAA CCL CSIEE CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> Desenvolver actitudes de responsabilidades. | <ul style="list-style-type: none"> Realiza as tarefas seguindo as pautas marcadas. | CSIEE |
| <ul style="list-style-type: none"> Recoñecer e buscar solucións a conflitos. | <ul style="list-style-type: none"> Soluciona os problemas coa independencia adecuada a súa idade. | CAA CSIEE CSC |
| <ul style="list-style-type: none"> Comprender a outras persoas e detectar as súas emocións. | <ul style="list-style-type: none"> Describe as características das persoas. Recoñece e explica as emocións doutras persoas. | CSC CCL |

| Actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|---|
| <p>Actividades Valores Sociais e Cívicas.</p> | <p>Desde a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivadoras para consolidar o grado de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:</p> <p>Actividades de repaso: vídeos con cuestionarios a través da plataforma genially, cortos de pixar que transmiten valores, tarefas de expresión e contos.</p> <p>Actividades de reforzo: Non se realizan tarefas de reforzo nin recuperación xa que non é necesario dadas as cualificacións obtidas polo alumnado.</p> |

3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

| Avaliación e cualificación | |
|----------------------------|---|
| Avaliación | Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> ◆ Observación indirecta da entrega de tarefas por parte do alumnado ◆ Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. ◆ Valoración cuantitativa do avance individual. ◆ Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial. |
| | Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> ◆ Lista de control das tarefas. ◆ Diario de tarefas elaboradas polo alumnado ou información que achega a familia. ◆ Probas obxectivas e de desenvolvemento. ◆ Investigacións e proxectos. ◆ Portfolio dixital. ◆ Rúbrica |
| Cualificación final | A cualificación final detallase no cadro presentado a continuación. |

PORCENTAXE NA NOTA FINAL

| | |
|----------------------------|------|
| 1. ^a avaliación | 40% |
| 2. ^a avaliación | 50% |
| 3. ^a avaliación | 10%* |
| Cualificación total | |

4. METODOLOXÍA

| Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|---|
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> | <p><u>Medidas adoptadas para continuar o proceso educativo</u></p> <p>Adaptacións metodolóxicas</p> <p>Actualmente, estamos vivindo unha situación familiar, social e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.</p> <p>A metodoloxía será flexible, activa, motivadora, dirixida ao logro dos obxectivos e das CC, baseándose na aprendizaxe significativa, procurando a atención á diversidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe, e potenciándose o uso das novas tecnoloxías na súa dobre vertente de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento, e como medio e recurso de traballo.</p> <p>Nesta situación é moi importante o traballo do profesorado en equipo e coordinado, para solventar todas as carencias que poida ter o alumnado, favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación e permitindo que realicen as actividades cos medios que teñan a súa disposición..</p> <p>Para mellorar o traballo do alumnado o centro dotou de ordenadores a 27 familias de alumnos matriculados entre 1º e 4º de EP. Esta entrega realizouse o 11 de abril coa axuda de Protección Civil do concello do Porriño e aproveitando a súa presenza entregáronse 6 ordenadores E-dixgal que quedarán no centro. Tamén se entregaron libros de texto.</p> <p>O concello do Porriño prestou(durante tres meses) 30 routers a familias que non tiñan conectividade a Internet. Esta entrega realizouse o 6 de maio coa presenza novamente de Protección Civil.</p> |

| | |
|------------------------------------|--|
| <p>Materiais e recursos</p> | <p>Puxemos a disposición do alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar desde casa o traballo iniciado nas aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ordenadores - Libros e cuadernillos. - Outros materiais. <p>Os recursos que estamos empregando son tanto dixitais como físicos. En relación os recursos dixitais destacar que se usa a páxina web do centro para subir as tarefas, así como a aplicación de classdojo. Así mesmo proporcionáanse recursos on-line para facilitar as tarefas do alumnado.</p> <p>Por outra banda, os alumnos/as deben empregar materiais escolares como cadernos, lápices, gomas, pinturas, tesoiras, pegamento, etc para desenvolver parte das tarefas.</p> |
|------------------------------------|--|

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

| <p style="text-align: center;">Información e publicidade</p> | |
|---|--|
| <p>Información ao alumnado e ás familias</p> | <p>Agora máis que nunca, resulta fundamental o contacto e o seguimento diario con toda a comunidade educativa. Para iso, empregamos diferentes recursos tecnolóxicos como Abalar Mobil, Edixgal, Webex (entre o profesorado), correo electrónico e chamadas telefónicas. Tamén se utilizan as redes sociais para dinamizar tarefas e retos entre o alumnado.</p> <p>O contacto cos familias mantense a través do correo electrónico e especialmente do teléfono cunha frecuencia case diaria.</p> <p>O Equipo Directivo reúnese semanalmente, así como todo o Claustro e os diferentes departamentos (D.O; E.D.L.G; CCP...) para analizar a situación e propor medidas ante as diferentes situacións que vaian xurdindo.</p> |
| <p>Publicidade</p> | <p>Publicación na páxina web do centro.</p> |